



REGULAMENTO DO CAMPIONATO PROVINCIAL DE MILLA EN RUTA

O Campionato provincial de Milla en ruta, terá lugar o día 25 de agosto de 2019 na localidade de Guntín, coincidindo coa disputa da I Milla Concello de Guntín e o Campionato de Galicia de 1 Km Ruta Menores.

A saída e a meta estarán situadas na Travesía de Meixaboi, no Concello de Guntín.

PARTICIPACIÓN: No Campionato Provincial de Milla en ruta só poderán participar os/as atletas con licenza federativa, nacional ou autonómica, en vigor para a tempada 2018–2019 tramitada pola Delegación Lucense, que pertencen a un Club Lucense ou que naceran na provincia de Lugo (debendo acreditar estes últimos posuír licenza federativa, nacional ou autonómica, en vigor para a tempada en curso). Os/as atletas que incumpran o presente apartado non poderán participar.

CONDICIÓN:

1. Ser cidadán español (acreditado mediante o carné de identidade).
2. Ser lucense de nacemento (acreditado mediante o carné de identidade ou partida de nacemento)
3. Con domicilio legal na provincia de Lugo (acreditado mediante certificado de empadramento).
4. Estar en posesión de licenza federativa por un club da provincia de Lugo para a tempada 2018 – 2019.

INSCRICIÓN: Os clubs e atletas federados deberán inscribirse na Extranet da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>). Dispoñen de prazo para a inscrición ata as 20:00 horas do martes 20 de agosto.

CLASIFICACIÓN: Para o Cto. Provincial Individual estableceranse unha clasificación individual absoluta para homes e mulleres.

PREMIOS: Concederanse premios aos tres primeiros/as clasificados absolutos, tendo para elo a obrigatoriedade de asistir a cerimonia de premiacións. Os participantes no Campionato Provincial que desexen optar os premios da I Milla Concello de Guntín, deberán aboar a inscrición prevista pola organización na páxina web da FGA (www.carreirasgalegas.com).

HORARIO E DISTANCIAS A PERCORRER: o horario e as distancias a percorrer son os indicados no regulamento xeral da I Milla concello de Guntín.

CATEGORÍA	ANO NACEMENTO	HORARIO	DISTANCIA
SUB 18/20/23	(1997-2003)	12.30 h	3 voltas (1609m)
SENIOR	(1996 e anteriores ata Máster)	12.30 h	3 voltas (1609m)
MÁSTER A	35-44 anos	11.45 h	3 voltas (1609m)
MÁSTER B	45-54 anos	11.55 h	3 voltas (1609m)
MÁSTER C	+55 anos	12.05 h	3 voltas (1609m)